



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000033

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos, do día seis de outubro dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa accidental dona Rosa Ana García López (delegación por decreto nº 517/2022 da data 30 de setembro de 2022) os seguintes membros: dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas, don Sergio Saavedra Gutiérrez.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia dada a existencia de quórum, comezase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- AUTORIZACIÓN DA SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA DE TAXI Nº 6, INSTADA POR ANTONIO VERGARA HERMIDA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Vista a proposta da Alcaldía do Concello de Valdoviño de data 20 de setembro de 2022 do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA para AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENCIA DE TAXI N.º 6.

Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 20220000002683 formulada por [REDACTED] en data 14 de setembro do 2022 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 6 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Toyota Avensis con número de matrícula [REDACTED] asociado a licenza de taxi n.º 6 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características con número de bastidor [REDACTED] matrícula [REDACTED] e modelo KIA E-NIRO.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia

1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscrición temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 6 do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.”

Recibido neste Concello, en data 30 de setembro de 2022, Informe favorable emitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de Mobilidade, sobre a solicitude de autorización de substitución de vehículo na Licenza municipal nº 6 e Autorización VT-N presentada por Antonio Vergara Hermida.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Autoriza-la substitución de vehículo taxi e Autorización VT-N a Don [REDACTED] dando as oportunas instrucións para incorporar dita modificación á Licenza nº 6 que ten outorgado o titular.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia a través da aplicación R-taxi.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLA SECRETARIA ACCIDENTAL ROSA ANA GARCIA LÓPEZ”

A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (3 asistentes dos 5 que a compoñen).

2.-SOLICITUDES DE REVISIÓN DE PREZOS (REXISTRO NÚMEROS 202299900001503 DE 29.09.22 E 202299900001504 DE 30.09.22 PRESENTADOS POR EULOGIO VIÑAL PARA OBRA POS + 2020, DE “PROXECTOS EDIFICACIÓN VESTIARIOS PARA CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE”.-

A señora secretaria informa aos presentes dos escritos citados e do seu contido para que decidan sobre o asunto.

A Xunta de Goberno Local, acordou en votación ordinaria e unanimidade dos presentes (3 membros dos 5 que a componen), que se dea traslado dos mesmos á secretaria municipal e á intervención municipal para que emitan o correspondente informe a efectos de resolver sobre a solicitude formulada pola empresa.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

A.-

.- Licenza de 1ª ocupación

“- **Expte 02/2022.-** [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 26/2019, licenza municipal concedida en Xunta de Goberno Local de data 16 de maio de 2019.

Segundo a liquidación final de unidades de obra executadas elaborada pola Dirección Facultativa e aportada ao expediente o 12.09.2022, o presuposto de execución material da obra executada ascende a cantidade de 135.687,55 €, superior ao presuposto de execución material incluído no proxecto e para o cal obtívose licenza municipal de obras que era de 87.323,40 €, polo tanto, e dacordo coa Ordenanza reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, (en vigor no momento da solicitude) deberase xirar unha liquidación definitiva pola cantidade de 48.364,15 €, o que supón un importe a aboar de 1.112,37 €.

Visto o informe do arquitecto municipal de 3 de outubro de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licenza de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder ao peticionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) do ICIO restante por importe de 1.112,37 € e por expedición de licenza de 1ª ocupación, o importe de 85,95 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 5 de outubro de 2022.

A alcaldesa accidental,

Asinado/ Rosa Ana García López.

A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (3 asistentes dos 5 que a compoñen).

B.-

.-Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 67/2022.-

(representados por) Para as obras de legalización e terminación de obras de rehabilitación e reforma de vivenda e anexos, nunha parcela situada no Valdoviño (referencia catastral nº

A parcela na que se proxecta a obra encóntrase en solo clasificado e cualificado, como “solo non urbanizable de núcleo rural tradicional. Zona de edificación residencial aillada e solo non urbanizable”.

Apórtase o proxecto de legalización e terminación de obras de rehabilitación e reforma de vivenda e anexos, redatado polo arquitecto Manuel Varela Caabeiro.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 4 de outubro de 2022 e da secretaria municipal de data 5 de outubro de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a a licenza de legalización e terminación de obras de rehabilitación e reforma de vivenda e anexos, nunha parcela situada no Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Carlos Graña Ramos e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 4 de outubro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 504,29 €. ICIO.- 2.319,76 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 5 de outubro de 2022.

A alcaldesa accidental,
Asinado/Rosa Ana García López

A proposta de Alcaldía transcrita, quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (3 asistentes dos 5 que a compoñen).

PARTE DE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/